



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias setembro 2019

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro do ano 2019 acadou a cifra de 1.029.547 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de agosto de 2019 de 7.353 afiliacións (-0,71%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.323.451, rexistrando un aumento do 0,02% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2019 con setembro de 2018) obsérvase un incremento de 15.659 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,54%) e un incremento do 2,44% (460.738 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto de 2019, rexístrase un aumento das afiliacións en sete comunidades autónomas, destacando principalmente La Rioja (1,72%); mentres que os maiores descensos prodúcense en Cantabria (-2,58%), Illes Balears (-2,42%) e Asturias (-1,73%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid e Murcia (con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias, Cantabria, Extremadura e Castilla y León (con taxas inferiores ao 1,5%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.323.451	3.224	0,02	460.738	2,44
Galicia	1.029.547	-7.353	-0,71	15.659	1,54
Andalucía	3.108.603	-13.123	-0,42	89.933	2,98
Aragón	577.661	-4.998	-0,86	11.389	2,01
Asturias	367.641	-6.469	-1,73	3.966	1,09
Illes Balears	574.789	-14.231	-2,42	13.565	2,42
Canarias	815.299	8.885	1,10	15.972	2,00
Cantabria	221.737	-5.872	-2,58	2.661	1,21
Castilla La Mancha	717.801	7.309	1,03	15.194	2,16
Castilla y León	932.866	-2.576	-0,28	13.482	1,47
Cataluña	3.459.929	4.483	0,13	74.765	2,21
Comunitat Valenciana	1.886.287	-1.011	-0,05	50.326	2,74
Extremadura	400.368	-4.301	-1,06	5.646	1,43
Madrid	3.224.322	40.197	1,26	97.332	3,11
Murcia	579.623	-6.386	-1,09	17.403	3,10
Navarra	288.824	1.463	0,51	7.484	2,66
País Vasco	961.582	5.018	0,52	21.535	2,29
La Rioja	130.352	2.209	1,72	3.017	2,37
Ceuta e Melilla	46.220	-19	-0,04	1.319	2,94

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de agosto de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 1,90%, o que supón 6.734 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,59%), Lugo (0,98%) e, por último, Ourense (0,84%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do mes de agosto de 2019, rexistrouse en Galicia unha diminución do 0,71%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose a maior baixada en Lugo (-1,29%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	438.517	-3.373	-0,76	6.845	1,59
LUGO	124.543	-1.629	-1,29	1.209	0,98
OURENSE	104.568	-88	-0,08	871	0,84
PONTEVEDRA	361.919	-2.263	-0,62	6.734	1,90
GALICIA	1.029.547	-7.353	-0,71	15.659	1,54
ESPAÑA	19.323.451	3.224	0,02	460.738	2,44


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,5% das afiliacións galegas en setembro de 2019, diminuíron un 0,86% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,26%. En España estas taxas foron do 0,00% con respecto a agosto de 2019 e do 2,88% en relación ao mes de setembro de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, agás Pontevedra, amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,84%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto de 2019, todas as provincias rexistran taxas negativas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,24%. As taxas nacionais para este réxime presentan aumentos con respecto a agosto de 2019 (0,14%) e con respecto a setembro de 2018 (0,39%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a setembro de 2018 todas as provincias amosan taxas negativas, entre as que destaca principalmente A Coruña (-2,42%). A taxa galega sitúase entón no -0,99%, inferior á de España (1,20%). Con respecto a agosto de 2019, A Coruña medra un 4,42%, mentres que Lugo e Pontevedra diminúen. A taxa galega amosa un aumento do 0,49% con respecto a agosto de 2019. A taxa nacional é do -2,32%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN SETEMBRO 2019	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	438.517	-0,76	1,59
LUGO	124.543	-1,29	0,98
OURENSE	104.568	-0,08	0,84
PONTEVEDRA	361.919	-0,62	1,90
GALICIA	1.029.547	-0,71	1,54
ESPAÑA	19.323.451	0,02	2,44
R. XERAL			
A CORUÑA	347.004	-0,99	2,26
LUGO	89.032	-1,65	2,29
OURENSE	80.889	-0,02	1,74
PONTEVEDRA	280.690	-0,69	2,41
GALICIA	797.615	-0,86	2,26
ESPAÑA	15.987.768	0,00	2,88
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.506	-0,18	-0,79
LUGO	33.962	-0,34	-2,20
OURENSE	23.679	-0,29	-2,13
PONTEVEDRA	67.341	-0,25	0,27
GALICIA	210.488	-0,24	-0,84
ESPAÑA	3.266.258	0,14	0,39
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.007	4,42	-2,42
LUGO	1.549	-1,34	-1,21
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.888	-0,92	-0,34
GALICIA	21.444	0,49	-0,99
ESPAÑA	68.075	-2,32	1,20

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>